



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 25 DE XUÑO DE 2018**

**1.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o Obradoiro de Emprego Dual “CREAS”.** Apróbase o proxecto de obradoiro de emprego “CREAS”, que contempla a execución dos traballos de urbanización e mellora medioambiental no Polígono do Tambre, a repoboación forestal e melloras selvícolas en Pedra Castro, e apertura e mantemento de vías forestais. Acórdase solicitar unha subvención de 317.937 euros á Consellería de Economía, Emprego e Industria en base á convocatoria de subvencións para os obradoiros de emprego duais, así como comprometer o financiamento da parte do proxecto que non sexa subvencionada, por un importe total de 60.000 euros. O orzamento total do proxecto é de 387.797 euros, do que o Concello de Ames achegaría 9.860 euros.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o Obradoiro de Emprego “Habilitis”.** Apróbase o proxecto de obradoiro de emprego “HABLITIS” para a execución da rehabilitación da antiga Escola Unitaria de Amio como centro BTT e a creación do servizo multimedia de información municipal e participación veciñal (concello de Teo). Acórdase solicitar unha subvención de 153.566,40 euros á Consellería de Economía, Emprego e Industria en base á convocatoria de subvencións para os obradoiros de emprego duais, así como comprometer o financiamento da parte do proxecto que non sexa subvencionada, por un importe total de 50.000 euros. O importe total do proxecto é de 219.571,66 euros, dos que 16.005,26 serían achegados polo Concello de Teo.